



## Spiranthes aestivalis (*Spiranthes aestivalis*)



### NOME COMÚN

Spiranthes aestivalis

### NOME CIENTÍFICO

*Spiranthes aestivalis*

### CLASE

Plantas superiores

### FAMILIA

Orchidaceae

### DESCRIPCIÓN

O nome fai alusión á evidente disposición espiralada da inflorescencia. É unha planta perenne, con 3-5 tubérculos napiformes subterráneos. Talos erectos de entre 10-30 cm onde se encontran follas estreitamente lanceoladas de ata 12 cm e agrupadas na base. Inflorescencia en espiga de pequenas floríñas dunha cor branca. Florece en xullo e principios de agosto.

### REPRODUCCIÓN

Entomógama.

### HÁBITAT

Medra en lugares húmidos ou charcas estacionais, especialmente en zonas próximas ao mar.

### DISTRIBUCIÓN

Centro e sur de Europa. Na península Ibérica é coñecida principalmente no norte.

### ESTADO DE CONSERVACIÓN

É unha especie moi escasa, depende de hábitats moi específicos e que se encontran ademais en regresión. Así mesmo, o seu hábitat está moi afectado pola presión gandeira e urbanística.

### CATEGORÍA DE CONSERVACIÓN

*Vulnerábel.*